

## PERCORRIDO



**Saída:** Esquina do Parque Raíña Sofía. Intersección de Rúa Máximo Ramos / Rúa Estrella / Rúa Miramar

**1ª Parada:** Intersección Rúa Gabriel Vázquez Seijas / Rúa Atocha

**2ª Parada:** Intersección Rúa Atocha / Rúa Riego

**3ª Parada:** Praza Cruceiro de Canido

**4ª Parada:** Parque da Fenya

**5ª Parada:** Corral de Chapón

**6ª Parada:** Intersección Rúa Doutor Rey Romalde/ Rúa Pardifias

**7ª Parada:** Porta de Canido

**8ª Parada:** Praza da Auga

**9ª Parada:** Parque Gaiteiro Antón Varela Cachaza

**10ª Parada:** Intersección Rúa Navegantes / Celso Emilio Ferreiro

**11ª Parada:** Lavadoiro de Insua

**12ª Parada:** Rúa Poeta Pérez Parallé / Centro Cívico

**13ª Parada:** Intersección Rúa Manuel Arias / Rúa Poeta Pérez Parallé

**Final:** Praza da Tafona

## Benvid@ a Canido en Nomes: A ruta dos lugares e rúas do Barrio Alto



[canidoennomes.eu](http://canidoennomes.eu)



A través deste percorrido toponímico achegámonos á historia do barrio e a súa transformación ao longo dos séculos; dende os seus comezos como unha aldea, ata o presente, xa integrado no espazo urbano de Ferrol.


Dende a primeiras mencións na documentación dos mosteiros medievais (onde se recollen nomes que aínda hoxe perduran como Canido ou Insua):

*eu Munia, devota, filla de Don [Pero] Froilaz e de Dona Lucía (...) Concédolle a metade da miña vila de Ferrol e os seus homes e a “Villam de Canito” ( ano 1111)*

*Sabam qantos esta carta viren commo eu johan esquio prior do moesteiro de San martinno de juvia (...) damos e aforamos a vos gonçalvo esquio vizino de ferrol (...) o noso casal de insoa*

Xunto a outros moitos nomes perdidos dos que xa non queda memoria: **Chousa de Socanido, Agro da Pena, Pereiras, Comaro da Lóngara, Agro da Fraga** ou **Pumar de Socanido**.

Todos estes fitos, cós que se acoutou o espazo, achégannos á creación e transformación da paisaxe en relación cós procesos de habitación e explotación do medio. Estes deixaron a súa pegada na toponimia, na que se referencia unidades de habitación e explotación como: **Casal de Insua** e de **Anido, Agro da Pena** e da **Fraga**; ou mesmo os cultivos que se daban: **Pumar, Pereiras**.



Dende o eixo que conecta a poboación de Ferrol Vello con Catabois, no que xorde un primitivo rueiro no que se localiza un cruceiro:

*Y en el camino antiguo que va para la villa de Ferrol segúnd está junto a la cruz de Canido (1592)* Arquivo Pazo do Monte. Transcrición de Fernando Dopico Blanco

O Barrio de Canido (incluído no espazo amurallado de Ferrol a partires do s. XVIII) vaise urbanizando, aparecendo novas rúas que o conectan coa poboación da Madalena: **Traviesa de San Isidro**( R.Ruvalcaba), **Traviesa de San Eugenio** (R.Coruña), **Traviesa de Canido** (R. Concepción Arenal) e **Traviesa da Terra**. Xuntos a elas documéntanse no século XIX outras rúas como a **R. Alegre, Atocha, R. Almendra, R. Atocha, R Estrella, Muiño do vento** ou **Fonte de Insua**.

Na nomenclatura cambiante delas recóllese topónimos preexistentes (**R. De Insua** ou **R. Cangrexiras**), algúns dos cales referencian estruturas desaparecidas (**Muiño do vento, Atocha** ou **Praza da Tafona**). Así como a memoria de diferentes persoeiros do barrio, de Ferrol ou Galicia, a cuxa biografía e obra achegámonos neste percorrido: **Máximo Ramos, Antón Varela, Andrés do Barro, Manuel Arias, Gabriel Vázquez Seijas, Pérez Parallé, Celso Emilio Ferreiro, Rey Romalde, González Collado Alonso López** ou **Concepción Arenal**.

Tamén esta presente a memoria das nosas veciñas máis maiores e o recordo dun Canido aínda bastante rural a mediados do século XX (**Corral de Chapón, Corralón, Cuartelillos, Ranchos, Casa do Patín, Xandón** ou **AV. do Repolo**).